



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Corporación 2023-2027. Nomeamento Tenentes de Alcalde.

ANUNCIO.

Publicación da Resolución número 2003/2023, relativa ao asunto “Corporación 2023-2027. Nomeamento Tenentes de Alcalde.-”

EXPEDIENTE.- 2022/X999/000051

PROCEDIMIENTO.- Procedimiento Genérico. Expediente de Elecciones.-

Asunto. Nomeamento Tenentes de Alcalde Corporación 2023-2027.-

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, dicta a seguinte:

RESOLUCIÓN

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, corresponde ao Alcalde desinar aos Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local, e visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido no artigo 15 a 18 do Regulamento orgánico municipal de concello de Arteixo;

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

1º Tenente de Alcalde: DON JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ NOVO

2º Tenente de Alcalde: DONA INÉS RAMOS ÁLVAREZ

3º Tenente de Alcalde: DONA JOSEFA ZAS SUÁREZ

4º Tenente de Alcalde: DON EMILIO MACEIRAS LÓPEZ

5º Tenente de Alcalde: DONA PATRICIA AMADO VARELA

6º Tenente de Alcalde: DON JOSÉ MANUEL CAAMAÑO VARELA

7º Tenente de Alcalde: DON LUIS ALBERTO CASTRO CALVETE

SEGUNDO.- Os Tenentes de Alcalde substituirán a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

O cargo se considerará aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa dos concelleiros e concelleiras nomeados.

TERCEIRO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, José María Vázquez Pita, como Secretario, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

Asinado dixitalmente.-

Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

En Arteixo a 23 de Xuño do 2023

2023/5071